



Incorporación de Remanentes 10-R/18
Expte Cividas nº 2018025672
IR - 10R/2018

Visto o informe-proposta, de data 27/08/2018 elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Concellería delegada de Facenda, en relación co expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da "Incorporación de Remanentes".

Vista a fiscalización da Intervención Municipal de data 17/09/2018 (informe con referencia 10R-18), no que se indica "emítase un informe favorable á proposta de resolución que obra no expediente, condicionado á subsanación das eivas detectadas, no que atinxe a unha completa identificación dos terceiros a través do seu número de identificación fiscal".

Emitido informe-proposta polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, en data 17/09/2018, no que se indica "en aras a dotar ó acordo da maior información e datos necesarios para a súa contabilización, control e transparencia (obxectivo sempre perseguido polo asinante desta proposta), se incorpora manualmente dito dato", incorporándose polo tanto ó número de identificación fiscal á proposta de acordo.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 17º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente,
ACORDO:

1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 10-R/18, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2017, financiados con recursos xerais, por un importe total de cincuenta e oito mil oitocentos dezaseis euros con corenta e oito céntimos (58.816,48 €), de acordo co seguinte detalle:

A) Remanente que se incorpora

R	Org	Prog	Econ	Denominación	Rmte a incorporar	Financiación	Motivo de incorporación Art RDL 2/04
S	130	9200	62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	58.816,48 €	87000	182.b)
				TOTAL	58.816,48 €		

B) Recursos que financian a incorporación

Resumen fontes financiamento

Concepto de ingresos	Importe (€)
Remanente de Tesourería para gastos xerais (87000)	58.816,48
Total recursos financeiros dispoñibles	58.816,48



2.- Contabilizar no exercicio contable 2018 o compromiso de gasto a favor dos terceiros, adquirido no exercicio 2017 (fases A e D contables), polos importes e nas aplicacións orzamentarias que se recollen de seguido, para así continuar a tramitación dos expedientes de gasto que estes amparan:

Org	Prog	Econ	Descrición	Terceiro	Rmte a incorporar	Importe en AD
130	9200	62200	Acondicionamento e melloras no edificio municipal Centro de Iniciativas Empresariais	Rehabilitaciones Empresa Nieto Pérez, SL (B32462004)	58.816,48 €	58.816,48 €
			Total		58.816,48 €	58.816,48 €

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e a Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

